

Praza número: 25/9002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03036 Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura

614G01054 Ferramentas de desenvolvemento

614G03026 Recuperación de Información e Minería Web

Centro: Facultade de Informática

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Na Coruña, ás 10h00 horas do mércores 1 de outubro de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Santiago Rodríguez Yáñez

Secretaría: Laura Milagros Castro Souto

Vogal: José Santos Reyes

Rep. Trab. (s/voto): Ana Belén Cerdeira Pena

Na Coruña, a 1 de outubro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/9002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03036 Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura

614G01054 Ferramentas de desenvolvemento

614G03026 Recuperación de Información e Minería Web

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade de coñecemento afín: Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta o número de participantes no proxecto docente e/ou no grupo de innovación docente.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta a duración e carácter internacional da estadía.

Praza número: 25/9002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03036 Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura

614G01054 Ferramentas de desenvolvemento

614G03026 Recuperación de Información e Minería Web

Centro: Facultade de Informática

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: As publicacións recollidas en bases de datos de referencia, nomeadamente Web of Science (WoS) ou Scopus, recibirán un coeficiente multiplicador dependente do seu índice de impacto. No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia (ICORE, CORE ou GGS) tamén se valorarán de xeito proporcional á súa clasificación. Estes factores de ponderación serán os seguintes:

Índice de impacto Q1 ou Congreso A* ou A: 1

Índice de impacto Q2 ou Congreso B: 0,85

Índice de impacto Q3 ou Congreso C: 0,68

Índice de impacto Q4: 0,25

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN. A valoración terá en conta a posición da editorial no índice de referencia SPI (<https://spi.csic.es>).

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: consideraranse listas de referencia as recollidas nos parágrafos anteriores, e os factores de ponderación serán os indicados nos parágrafos anteriores. O resto de contribucións recibirán 0,5 puntos.

III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

Praza número: 25/9002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03036 Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura

614G01054 Ferramentas de desenvolvemento

614G03026 Recuperación de Información e Minería Web

Centro: Facultade de Informática

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL

A experiencia profesional ámbito das materias asociadas á convocatoria valorarase con 5 puntos por ano completo, mentres que outra experiencia no campo das TI valorarase con 2 puntos por ano.

Na Coruña, a 1 de outubro do 2025

A presidencia da comisión